

ÉVENRES!

SUPLEMENTO
DE **OCIO** DA
FIN DE SEMANA

As luces de Fisterra

Ruta de cara ó mar pola
Costa da Morte



ANTONIO AMBÓIDE



AXENDA
As citas da fin de
semana que non
debes perderte >04



ENTREVISTA
O álbum máis
arriscado de Xael
López >08



Unha paisaxe a cada paso no Camiño dos Faros

É unha ruta de sendeirismo feita para gozar das marabillas da zona da Costa da Morte, **sempre mirando cara ó mar e ó oeste, que levará ó camiñante a un mundo de sensacións únicas**

Texto: Lucía D. Bóveda
Fotografías: DP

Contan as lendas do lugar que en tempos inmemoriais, un grupo de Caldeos decidiu ir na procura do lugar no que a luz se puña cada noite. Para atopalo, camiñaron ata a costa e alí viron marabillados como o sol desaparecía pouco a pouco baixo as augas do océano. Co paso do tempo, aquel máximo lugar no que o astro rei deixaba de existir foi bautizado como O Final da Terra, Fisterra.

Segundo indican as historias máis recentes, un grupo de amigos tivo un soño: conectar Malpica ca fin do mundo intentando ir, sempre que fose posible, o máis pegados á beira do mar. Entre de-

safío e aposta, comezaron a deseñar esa ruta imaxinaria. Unha mañá de decembro do ano 2012 saíron de Malpica e puxeron dirección á fin do mundo. E chegar, chegaron. Durante varias fins de semana completas polo monte, con mapas, Internet, pinturas para marcar pegadas indicativas e algún que outro material para cortar a vexetación e despexar carreiros, lograron definir todo o traxecto. Tras 200 quilómetros de camiño, conseguiran crear unha ruta que unía ambas localidades, conexión que se pode facer en coche nuns 70 quilómetros, e da que sabían que era imposible que a beleza das súas paisaxes deixase indiferente a ningún. A ruta é moito máis que un perco-

rrido polos moitos e distintos faros que salpican a Costa da Morte. É o mellor xeito de coñecer esta zona chea de cantís, praias e paisaxes increíbles.

Os faros son o máis característico desta área, xa que son poucos os lugares do mundo nos que se pode ver esa mesma concentración de guías dos navegantes. Uns faros que contan as tristes historias dos naufraxios que alí tiveron lugar e axudan ó camiñante nesta ruta, permitíndolle ver o que leva feito ata o momento e o que está por vir na súa viaxe.

Mais non son a única fonte de beleza nestes fermosos paseos. Praias, dunas, ríos, cantís, bosques, esteiros, mares de granito, castros, dolmens, vilas mariñeiras

e miradoiros a un mar que rompe contra o litoral de todas as formas posibles conforman unha ruta de sendeirismo como poucas que levará ó camiñante a un mundo de sensacións únicas que só se poden gozar dunha forma tan pura nesta zona do mundo.

A Costa da Morte é un litoral practicamente virxe, polo que un dos principais atractivos é xustamente o que non se atopa, pois a maioría das paisaxes do percorrido son puras, non apreciándose nelas nin sequera a acción transformadora do ser humano.

A RUTA. Tras comprobar a espectacularidade do percorrido, aqueles primeiros exploradores, que se autodenominaban 'trasnos',

decidiron contalo ó mundo para que todos puideran gozar deste fermoso lugar. Así, para facer que a xente coñecera a ruta que con tanto agarimo planificaran, fundaron a Asociación do Camiño dos Faros, coa que buscan promover as marabillas deste percorrido e da terra pola que pasa. Unha das actividades que levan a cabo é a organización de saídas para facer a ruta de forma periódica. A primeira vez que fixeron o chamamento, na primavera do 2013, apareceron 23 persoas na etapa inicial e xa eran 70 na última. Agora, na quinta edición, na terceira saída das oito que conforman a ruta, xa conseguiran superar o millar de participantes.

A ruta aproveita todos aque-



Na foto da esquerda, o Porto de Barizo. Arriba, a cala de Niñóns; á dereita, unha das perspectivas desde as que se ven as Illas Sisargas e, abaixo, o faro de Punta Nariga e as pegadas de 'Traski', que axudan ó camiñante a seguir a súa ruta.



les camiños que os 'trasnos' conseguiron rescatar do esquecemento, dende pasos dos mariñeiros a rutas de cabras, pasando por antigos sendeiros que foron quedando en desuso e que o tempo fixo que se encheran de toxos e malas herbas por completo. Por sinuosos carreiros de pescadores ou percorrendo rochosos acantilados, o sendeirista irá realizando a súa viaxe, marabillado, coñecendo e pisando tamén o gran número de fantásticos areas que poboan esta parte da costa galega.

O Camiño dos Faros está dividido en oito etapas, cada unha delas de 25 quilómetros de media coa intención de que se percorran nunhas nove horas, que comezan e rematan en diversas poboacións da zona. Son practicamente os únicos rastros humanos cos que o camiñante se atopará durante o percorrido, pero son pequenos pobos pesqueiros con moito encanto. Isto permítelle ó excursionista avituallarse, ter aloxamento ó rematar a xornada, e facilita a posibilidade de facer as etapas de forma illada.

O percorrido é un verdadeiro regalo para os sentidos dos sendeiristas. Durante a ruta, o camiñante pasa por infinidade de paisaxes únicas, sempre mirando cara ó mar e cara ó oeste, atopándose a un lado e outro tantas cousas diferentes que os ollos non conseguen abranguer todas as marabillas que no camiño aparecen. Se a chuvía de Galicia deixa, a ruta é apta para todo o ano, mais durante o verán é recomendable facer uso de crema solar, pois a maior parte da vexetación que rodea ó camiñante non proporciona acubillo das raiolas do sol.

NATUREZA E HISTORIA. Sen perder de vista o mar case en ningún momento e coa ollada posta na meta, nesa fin do mundo chamada Fisterra, non se pode negar que o Camiño dos Faros é un deleite debido á beleza das paisaxes de



todo o percorrido, ás praias, ós impresionantes acantilados desta abrupta costa e ós conxuntos rochosos que o efecto do vento e o sal ó longo dos séculos foron tallando caprichosamente. Algúns dos espazos naturais polos que atravesamos esta ruta, como é o caso das dunas do Monte Branco ou a desembocadura do río Anllón, resultan vistas imponentes.

Non se pode dicir que esta ruta só é natureza. Lendas, crenzas ancestrais e fervor relixioso saíran ó paso do camiñante ó longo da súa ruta en lugares como o santuario de Nosa Señora da Barca, en Muxía; a ermida do cabo de San Adrián, en Malpica; ou a capela da Nosa Señora do Faro, en Ponteceso, onde teñen lugar con-

corridas romarías todos os anos. Tamén é moi recomendable facer un alto para admirar algúns vestixios dos primeiros poboadores das terras galegas, como os petróglifos de Corme, o castro do Monte da Cidá de Borneiro ou o dolmen de Dombate, sito en Cabana de Bergantiños.

DE MALPICA A FISTERRA. Centenares de gaivotas despiden ós camiñantes no porto de Malpica desexándolles sorte na súa viaxe, que ten como principais protagonistas nesta primeira parte ás Illas Sisargas, sempre no punto de mira do camiñante e que se poden observar dende todas as perspectivas posibles.

Todas as etapas deste camiño



teñen algunha característica que quitará o alento ó sendeirista. A quinta etapa leva ó camiñante ó corazón da Costa da Morte, unha costa moi abrupta e chea de tráxica historia. Unha serie de naufraxios da Mariña inglesa, que tiveron lugar entre finais do século XIX e principios do XX, con centos de falecidos, son a orixe da lenda que lle dá o seu nome a esta zona. Millares de restingas asasinadas se adentran nun mar que non entende, só traballa.

Nas tranquilas augas de gran riqueza marisqueira da penúltima etapa pódese ver cada día traballar ós mariscadores cando a marea está baixa, no medio das bandas de garzotas e outras aves que voan na busca de refuxio e de ali-

mento.

Na sétima o camiñante terá a ocasión de contemplar o faro Touriñán, o punto máis occidental deste Camiño dos Faros e coñecido porque, durante moitos días ó ano, é o lugar onde se agocha o último sol do continente europeo.

Chegado ó principio da última etapa, case se pode ver a fin deste fermoso percorrido. Trala última subida despois do Cabo da Nave, de moita pendente e cun terreo bastante pedregoso, o camiñante comeza a contemplar as primeiras vistas do Faro Fisterra, ó que as persoas que decidiron embarcarse nesta viaxe chegan por un camiño totalmente diferente ó resto: o Camiño dos Faros.